

2. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - A MILITANCIA

Sendo Xosé María Álvarez Blázquez militante na Federación de Mocedades do Partido Galeguista, pronuncia en **1934** o discurso *Berro en lembranza dos herois de Carral*, inmediatamente impreso pola Federación de Mocedades.

Pero, quen foron estes homes?

Coñécense como os mártires de Carral os militares sublevados, en varios lugares de Galicia en **1846**, contra o presidente Narváez que foron executados na vila de Carral.

Ao igual ca no resto do territorio español, en Galicia tamén existían dúas tendencias dentro do liberalismo: progresistas e moderados. No reinado de Isabel II predominaron os moderados; e os progresistas, en ocasións, recorreron á forza para facerse co poder.

Nun destes episodios, sendo o primeiro ministro o moderado xeneral Narváez, pronunciouse en Lugo un batallón do rexemento de Zamora (**2-4-1846**), dirixido polo comandante Miguel Solís. A el uníronse as tropas de Lugo e creouse a Xunta Superior do Goberno de Galicia en Santiago.

A Xunta tiña como presidente a Pío Rodríguez Terrazo (un dos políticos máis destacados de Galicia na primeira metade do s. XX) e como secretario a Antolín Faraldo.

Pío Rodríguez Terrazo formou parte do grupo liberal de Compostela e de todas as xuntas revolucionarias dos pronunciamentos (parece que Antolín Faraldo era o que tiña posturas máis galeguistas).

Esta Xunta publicou unha proclama na que se solicitaba o aumento da influencia de Galicia (ver texto "Proclama da Xunta Superior"), ata ese momento "colonia da Corte" nos destinos de España.

Finalmente, os sublevados rendéronse ás tropas gobernamentais e foron fusilados 12 oficiais, os chamados mártires de Carral, e os dirixentes civís do pronunciamento marcharon ao exilio.

Por iniciativa da Liga Galega da Coruña, o **22 de maio de 1904** inaugurouse en Carral o monumento que os lembra.

Texto I. A proclama

"Soldados: un puñado de ambiciosos indignos do nome español invocaron o apoio do Exército para soste os seus plans (...), para oprimir a vontade da raíña constitucional e para humillar a vontade da nación.

Nunca foi máis xusta, máis santa, a causa que imos defender: dun lado uns poucos ambiciosos; noutro a nación enteira; á fronte dun inimigo débil, raquítico, rexeitado pola opinión, pola honradez e pola xustiza; e á retagarda está o pobo aldraxado, escarnecido e onde están os nosos pais e os nosos amigos. ¿Será dubidosa a victoria? Non, compañeiros, os tiranos tremen xa; a ignominia e a execración caerán sobre as súas cabezas, mentres que as nosas, cubertas de loureiros, serán obxecto da admiración e da gratitude dos vosos cidadáns (...).

Soldados, iviva a liberdade! iviva a raíña libre e constitucional!

¡Abaixo o dictador Narváez e o seu equipo de goberno!"

Miguel Solís y Cuetos

Texto II. Obxectivos dos revolucionarios galegos

"Os privilexios municipais (...), a Milicia Nacional, a independencia dos tribunais, o xurado, a imprenta, o parlamento, todo morrera a mans da camarilla (...).

En tan críticos momentos para a liberdade (...) soamente (...) podía salvar as institucións: opoñer a revolución á dictadura (...).

Os cidadáns que suscriben (...) ao constituírse en Xunta superior provisional do Goberno das catro provincias de Galicia (...) (proclaman) Sabela II libre e constitucional. Abaixo o sistema tributario. Liberdade. Independencia nacional. Cortes Constituíntes (...)

Esta Xunta, amiga sincera do país, consagrarse constantemente a engrandecer o antigo reino de Galicia (...). Para conseguilo esforzarse constantemente en fomentar intereses materiais, crear costumes públicos, abrir as fontes naturais da súa riqueza, a agricultura e o comercio, e poñer en harmonía coa época os hábitos e as ideas que deixou unha sociedade decrepita fundada sobre a ignorancia. Espertando o poderoso sentimento de provincialismo (...) chegará a conquistar Galicia a influencia de que é merecedora.

Galegos (...): patria e liberdade"

Xunta Superior Provisional de Galicia. Proclama. 15-IV-1846

Este episodio interpretoouse de diversos xeitos, ben como un pronunciamento progresista, ben como unha primeira mostra dun sentimento civil galeguista que despois sería avivado polos intelectuais.

Os primeiros caídos do galeguismo?

Especial significado para a historia de Galicia porque, xunto ás peticións progresistas, aparecen os esbozos dunha reivindicación especificamente galega.

Posteriormente, durante o bienio progresista, tivo lugar en Santiago un acto de confraternidade de signo progresista entre obreiros e estudantes, coñecido como Banquete de Conxo, en **1856**, no que participaron destacados intelectuais como Manuel Murguía e Eduardo Pondal.

Texto III. Berro en lembranza dos herois de Carral

Verbas ditas na F.M.G. de Pontevedra, no 88 aniversario dos mártires de Carral.

"Tudos vos sabédelo millor que eu o sei: no ano 46 do derradeiro século, a santa indiñazón de un fato de homes cabales - e seica ao dicir cabales díxeno tudo - ergueron en Galiza o estandarte da rebelión. E tremaron os homes da Castela, e, por maliaxe, tamén tremaron moitos homes da Galiza, (...) I-eu xúrovos que os cativos tremen hastra a morte. I-o chan de Castela estános a dicir que aínda treme; car o chan de Castela fai o circo de penedos que fan as augas cando a pedra fendé a súa eistúpida mansedume. (...)

(...) Coitados! Se o noso é tan ruín, por qué non nos deixan a nos co-a nosa cativeza? E se estamos máis outos que iles, que deprendan de nos e non enlamen o noso rueiro. Se o reiseñol fose ruín non percuraríamos telo con nosco, coma a Castela percura da Galiza; mais se o reiseñol non é ruín, é preciso deixalo en liberdade, car na xaula non ha cantare coma canta na veira do río, cando os peixes aboian por ouvilo (...)

(...) Eu ben sei que o espírito dos mártires de Carral está con nosco. Por iso non vos prego o minuto de silencio que pol-os montos se prega. Eu prégovos coma aos vivos, pois iles vivos están en vos, que vos poñades en pe.

Homes de Carral: ergueivos!"

Xosé María Álvarez Blázquez, Pontevedra, maio do 34